

MARUXA DO RUEIRO 1/4

OS REZOS POLOS DEFUNTOS. O CRISTIANISMO E A CRENZA DO POBO



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_GaRo_0008_002_en_0_12_57_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_GaRo_0008_002_en_0_12_57.mp3
TIPO DE DOCUMENTO:	Entrevista. Relato
MATERIAL DISPONIBLE:	Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción
DURACIÓN:	0:10:54

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 27 de xullo de 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/aldea/ barrio:** Bretal
 - Parroquia:** Olveira (Santa María)
 - Concello:** Ribeira
 - Provincia:** A Coruña
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Maruxa do Rueiro
 - Data de nacemento:** 1945 (53 anos)
- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

CONTEXTO

Nota da recolla achegada pola compiladora: Maruxa é unha muller que vivía cerca da casa de Pérez, era costureira cando estaba solteira, e eu recordo de pequena de andar pola súa casa. O seu pai andou a navegar, e o seu marido tamén. Gañou ben de cartos nas perforadoras e ela aforrounos. Fixeron a casa onde están vivindo agora, que é de tres plantas e con moita capacidade; e tamén teñen o bar, frecuentado por moita xuventude. O seu marido está traballando no bar e ten dúas fillas: unha estudando maxisterio e a outra medicina. Son rapazas moi traballadoras e parece ser que sacan boas notas, algo anecdótico aquí na aldea, pois a maioría da xuventude que está fóra estudando anda con expediente, polo que di a xente, moi baixos.



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Esta é a parte 1/4 da entrevista a María do Rueiro. O groso da conversa xira arredor da morte e as visións de mortos. Incidentalmente aparecen outros temas, como a recollida de argazo, unha actividade agro-marítima; ou as melloras nas comunicacións e na difusión de xornais nos anos sesenta, e seguintes, do século XX.

- **Parte 1 (MPG_GaRo_0008_002_en_0_12_57.mp3; id 3679)**
Os rezos polos defuntos. O cristianismo e a crenza do pobo.
- Parte 2 (MPG_GaRo_0008_003_en_0_23_52.mp3; id 3680)
A premonición da morte a través dos soños
- Parte 3 (MPG_GaRo_0008_004_en_0_35_46.mp3; id 3681)
A chegada do coche de liña e a confusión ca compañía.
- Parte 4 (MPG_GaRo_0008_005_en_0_44_18.mp3; id 3682)
Rituais arredor da morte. Do viático á volta do cemiterio.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antropos: la muerte dinamo estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

PALABRAS CHAVE

difuntos defuntos misas adevisas visión premonición morte argazo viático Santa Compañía cemiterio cemeterio funerais loito luto



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN

Rosa: Vou gravar a outra persoa, unha muller duns corenta e seis anos; chámase Maruxa. Corenta e seis ou cincuenta, xa o preguntarei. Chámase Maruxa e está no bar do Rueiro. E son... Hoxe, luns día 27 de xullo de 1998, e son ás tres e media da tarde.

[A investigadora fai esta primeira gravación camiñando cara a casa de Maruxa. Saúdanse e as dúas van para o comedor da súa casa. García Orellán lla xe preguntara noutra ocasión se lle deixaba gravar.]

Rosa: Comezamos pois a gravar, eh. *Bueno*, Maruxa, ti cantos anos tes agora?

Maruxa: *Ahora* cincuenta e tres.

OS REZOS POLOS DEFUNTOS

R.: Moi ben... E ti, actualmente, aínda rezas polos defuntos da casa?

M.: Por suposto.

R.: Todas as noites?

M.: *Bueno*, ás noites sinseramente non. Eu teño un hábito de reso, pero non é polas noites. Porque polas noites cando chegho á cama, ou cando estou así na cama, xa quedo *dormida*. Máis ben polas *mañáns*. A xente recórdame de... *bueno*, recordar é unha cousa e resar é outra. E resar, polas *mañáns*. *Ahora*, recordar aos meus seres queridos... propiamente a tódalas horas do día.

R.: A todas as horas?

M.: A *casi* todas, especialmente cando estou sola.

R.: Si?

M.: Si. E non *solamente* polos seres queridos da familia, *sinón* por *amistades*. Recordo, *bueno* pois, incluso... as anécdotas. Ríome cas anécdotas das *personas* queridas. Desde *ahora*, a principios choraba, desesperábame e tal... Cando é unha morte resiente pois, velo de distinta maneira. Eu lembro que fai *ahora* catro anos, que morreu mamá, pois eu naquel momento quería morrer. Non quería vivir. Paseino mal, estaba moi unida a ela... E tiña, *bueno*, como telas nais. E a miña, pois, tamén tiña unhas *cualidades*, pois, pa min eran especiais. Tódalas nais traen pras súas fillas, pero vamos... Entonses naquel momento non me importaba vivir. A min non había cousa que me satisfasera por dentro. Non, non tiña marido, nin fillos, nin traballo nin nada. Normalmente, non me importaba nada. E recordaba sempre a mamá con tristesa. Non era capas de recordala con alegraría. Non, non era capas. *Sin embargo ahora*, o

tempo, que din que todo o cura, e é *verdá*... Non se é capas de olvidar pero si de ver os recordos doutra maneira. E eu *ahora* ríome cas anécdotas de mamá. Recordo as anécdotas, pois, simpáticas, había... E pónome triste por outras cousas, ás veces, pois, recordando as cousas dela... Cando fagho unha cousa que a ela non lle ghustaba, pois que *deso* de que me está... dáme a sensación de que me está chamando a atención. Ou cando falo unha cousa, por *ejemplo*, unha cousa máis inocente *sea* andar, eu que sei... soltar un taco! Como teño *costumbre* de que cada vez que soltaba un taco, ela debíase rir. E así, pero vamos...

R.: E adoitas dar misas pola túa nai tamén?

M.: Por *supuesto* que si. Dou misas, e óioas, e si, eu ese respectar lévoo moi dentro. Ademais son unha *creyente*, pois, convensida. Ti sabes que, *bueno*, tódolos *cristianos* bautísannos, métennos aquí, como si fixéramos... métennos aí, somos *cristianos* porque nos bautisan. E porque cando somos pequenos mándannos ao catesismo, e porque *bueno*, fasemos a primeira comunión... E métennos aí, entonses aí nós estamos aí porque nos meteron. E logho *dispois* cando xa empesas a rasonar por ti *mismo*, e pensar por ti *mismo*, e actuar na vida baixo nosos criterios. Pois eu, a partir deles, son unha *crisiana*, unha *creyente*. Unha *crisiana* convencida. E eu *ahora* son, non porque me meteron aí, *sinón* porque son consecuente ca miña fe. Eu creo, son unha *persona creyente*, entonses non son porque me meteron aí. Son porque si.

R.: E cando tes dificultades, porque na vida a veces hai dificultades de moito tipo, tanto emocionais como materiais. Cando tes dificultades, ti recorres aos teus defuntos pra pedirilles? Por exemplo, á túa nai, falas con ela ou pideslle? Ou cousas así.

M.: *Bueno*, eu aí, aos meus *difuntos* non lle pido. Home, de ves en cando tamén lle digho algo de “si podes interseder por min en *eso*”, tal... Pero non é cousa de... (?) Tamén vou directamente ao noso Señor, ou á *Virgen*, “mira, bótame unha man porque eu aquí... Se vós non me axudades, vós que podeades...”. Pois non, eu aos defuntos non... A veces si, pero non é habitual. A veces si, teñen sido alghúns, por exemplo polos defuntos que eran, pois... Coñesín a varios deles que tiñan devosión a determinados santos e tal. *Entonses* a min acórdanme... Non é unha cousa de disir que teño unha fe cegha de pedirlle a un morto que me axude, non? Pero *bueno*, no, normalmente no. Pídolle máis directamente a...

R.: E por exemplo, pides a través dunha misa aos defuntos?

M.: *No, no*, eu pídolle... pois falando con eles. Eu non son moito de resar, mira ti, *eso* tampouco nin con *Dios* nin ca *Virgen* nin cos santos, eh. Eu son moito de charlar, con *eso* non quero desir que non rese. Pero son moito de charlar, eu cando me poño a... cando me acordo del Señor, pois non se me *ocurre* poñerme a rezar un *padrenuestro*, ou un avemaría. *Eso*, eu falo ou charlo, pois como charlo contigo aghora *mismo*.

R.: E cos defuntos fas o mesmo, non?

M.: *Bueno*, cos defuntos non. Aos *difuntos* *suélolle* rezar un *padrenuestro*, tal. Ou acordarme deles no momento dos *difuntos*, na misa. E salgo a veces con... (?) A veces fálolle. Recórdome del e fálolle. “Si ves que, podíasme botar unha man, ou podíasme axudar algo, ou interseder por



min, ou tamén ves que estou neste apuro, tamén.” *Eso* si, pero *dispois* normalmente non. Máis ben rézolles, ou pido por eles. Pero os *sufragios*, *eso* si. Pedir si, porque... pedir por eles. E a eles que intersedan por nós. Esa é unha cousa moi *compleja*, porque... Non sei como explicarche, pero... A pesar de que son unha persona *creyente* como xa che dixeran, pois non... entendes? Non me... como explicarche... é un mundo *desconosido*. Non sabes co que te vas encontrar. Por moito que te queiras *imaginar*, pois non es capas de *imaginarte* como será, como non será. Eu sei que si, que realmente seríamos como os *animales*, creses e morres e acabouse. *Eso*, que penso que detrás desta vida hai outra vida. *Eso* eu créoo, totalmente. O que non sei é como será esa vida, non son capas de *imaginar*.

O CRISTIANISMO E A CRENZA DO POBO

R.: Ninguén vén de alá a contalo. Como dicía o meu avó, ninguén vén. Non podemos sabelo porque ninguén vén pra contalo.

M.: *Bueno*, non vén... *Personas* así que conosamos non veñen. E ti sabes que Cristo vén aquí. *Dispois* de morrer aparecéuselle aos *apóstoles*.

R.: Cristo... Ah, *Jesucristo*.

M.: *Jesucristo*, despois de morrer... De feito vén aquí. Foi charlou cos discípulos de Emaús de eles.

R.: Quen é Cristo... Ah! *Jesucristo*.

M.: Despois de morrer de feito ven aquí a *enseñar* aos discípulos de Emaús, aparecéuselle aos *apóstoles*, charlou con eles...

R: Incluso hai *personas* que relatan que despois de morrer xente da familia, os viron. Viron o corpo, non falaron pero si que os viron co corpo, cas roupas que levaran entón. Incluso relatoume unha muller que o seu pai vira un defunto da familia que morrera, e vírao por diante co seu corpo, vestido, e por detrás estaba oco. Ou sexa, esas cousas, si. Hai xente que si que as ve. O que che quero dicir é que aí hai moito, moitas historias.

M.: *Bueno*, historias, aquí xa sabes que na nosa Galicia, non sei si en todos os sitios é igual, hai unhas historias, pois moi... Que son moi... Oín falar aos nosos *abuelos*. Os noso *abuelos* que aínda viven, *personas* de *ochenta* anos, ochenta e cinco, noventa... E óelos falar, e non lle quites ti *deso*. Que *bueno*, pois como a Santa Compañía.

R.: Ti oías contos da Santa Compañía?

M.: Así, así.

R.: Recordas algo?



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

M.: Recordo *cantidade* deles, *cantidade* de cousas.

R.: Cántanos...

M.: Non, eu non os vin, eu non vin nada nin o creo, eh... E como eu nunca vin nada, nin nunca me pasou nada, pois eu non o creo. Pero si, e incluso *personas* que che aseguran que viron. E que cando lle preguntan por que agora non se ve, se non sería cousa un pouco de ignorancia, de que esas luses que vían polos camiños... Que *ahora* que hai luses e hai medios de comunicación, *entonces* que agora non se ven as *luses* como se vían antes. Sería algo tamén, un pouco de...

R.: Psicolóxico?

M.: Un algo de... *psicológico*, claro. E non lle digas a esa xente, non lle vaías ti con teorías de...

R.: A xente que di que ve, víaa antes e ve agora. Que eu teño recolleito relatos de xente maior... Os que vían... non todos vén, pero os que vían, víana antes e veina agora.

M: *Bueno*, eu vouche a desir, *esto*... Non sei si debo desilo. E nunca o dixen, na miña casa si, pero despois non... Non me ríu pero non creo. Eu *respeto* o que me din pero non creo. *Sin embargo* eu... A min pásanme cousas, pero non *dispois* de morrer a *persona*, *sinón* antes.

Segue en MPG_GaRo_0008_003_en_0_23_52.mp3; id 3680